

## RESOLUCIÓN

Tras as pasadas eleccións municipais celebradas con data 24 de maio de 2015 e conforme ás certificacións emitidas pola Xunta Electoral de Zona, ó abeiro do establecido no artigo 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, o pasado 13 de xuño de 2015, constituíuse a corporación do Concello de Mos, procedendo igualmente á elección de Alcaldesa.

Tendo en conta o sinalado no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, por ter o concello de Mos unha poboación superior aos 5.000 habitantes, é preceptivo contar con Tenentes de Alcalde, Xunta de Goberno Local e órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do pleno xunto có seguimento da xestión do Alcalde, Xunta de Goberno Local e concelleiros que ostenten delegacións, pola presente, e en virtude das facultades conferidas polos arts 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril; 61, 62, 63 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41, 43 a 47 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RESOLVO:

**Primeiro.-** Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes Srs. Concelleiros:

- 1ª Tte. de Alcalde: D. Alberto Méndez Lago.
- 2º Tte. de Alcalde: D. Camilo Augusto Martínez.

**Segundo.-** Nomear como membros da Xunta Municipal de Goberno aos Srs. Concelleiros:

- D. Óscar Soto Abadín.
- D. Camilo Augusto Martínez.
- D. Alberto Méndez Lago.
- D. Cándido Pérez Rodríguez.
- Dª Julia Loureiro Campo.

**Terceiro.-** A Xunta Municipal de Goberno celebrará sesión constitutiva nos 10 días seguintes ao desta resolución, segundo o art. 112 do RD 2568/1988, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**Cuarto.-** Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre que segundo o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, será a que terá lugar nos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da nova Corporación.

**Quinto.-** Notificar a presente resolución aos interesados con indicación de que contra a mesma poderán interpor os recursos legalmente previstos.



Praza do Concello, 1, Reguengo, Petelos

36416 MOS - PONTEVEDRA

[www.concellomos.es](http://www.concellomos.es)

Tel.: 986 331 200


Fax: 986 336 618

**Sexto.-** Proceder a publicación no BOP, sen prexuízo do seu carácter executivo desde o día seguinte ao do presente decreto.

**Sétimo.-** Dar traslado desta Resolución á Xunta Municipal de Goberno na sesión constitutiva desta para a súa aceptación e cumprimento.

Mos, 17 de xuño de 2015

A Alcaldesa



Nidia M<sup>a</sup> Arevalo Gómez

O secretario Acetal.,



Victor Rodríguez Pérez